

MEMORIA ANUAL 2015





SAÚDA PRESIDENTE CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO



A miña responsabilidade como delegado territorial da Xunta na cidade deume a posibilidade de levar tamén a presidencia do Consorcio Casco Vello de Vigo (CCVV), un cargo que asumo con gran satisfacción. Primeiro, como vigués e, segundo, polo traballo realizado polo organismo nos últimos anos coa achega de novas familias e emprendedores e tamén polo labor de recuperación do Patrimonio histórico da nosa zona

antiga. Rúas e lugares polas que fai anos era complicado transitar, agora teñen unha imaxe completamente distinta que, cada vez máis, son a envexa de calquera que busque unha nova zona para residir ou comezar unha nova vida ou traxectoria profesional.

Nestes últimos anos, son preto dunhas 150 persoas as que decidiron apostar pola rehabilitación e recuperación do barrio histórico poñendo o seu granito de area e axudando ao Consorcio a lograr o seu obxectivo final: que o Casco Vello rexurda novamente. Síntome moi afortunado de poder formar parte deste proxecto de recuperación do noso casco histórico, iniciado hai agora dez anos. E coma dicía, os resultados da intervención arquitectónica feita polo Consorcio Casco Vello de Vigo, no que a Xunta de Galicia ten o 90% de participación, son xa máis que visibles. So hai que pasear

polas rúas Ferrería, Abeleira Menéndez ou San Sebastián e comprobar que nada teñen que ver xa coa imaxe de degradación e deterioro de hai uns anos.

E dende a presidencia do CCVV, asumo o cargo coa ilusión e coas ganas necesarias para seguir sumando ao barrio novas familias, así como novas propostas profesionais e institucionais. Consciente de que aínda queda moito por facer, todos os meus esforzos centraranse na aposta polo corazón da nosa cidade, débémollos.

Percorrer o barrio histórico é unha viaxe aos nosos orixes. Por iso animo a todos os cidadáns e aos visitantes a descubrir as nosas sinais de identidade porque, de verdade que descubrirán un novo barrio do que non se arrepentirán.

Ignacio López-Chaves Castro

Presidente do Consorcio Casco Vello de Vigo
e Delegado Territorial da Xunta de Galicia



INTRODUCCIÓN

O CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO EQUIPO HUMANO DO CCVV



INTRODUCCIÓN

CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO

O barrio histórico de Vigo cada vez está máis de moda e percorrer as súas rúas supón un descubrimento constante xa que seguen chegando novas propostas empresariais e novas familias que contaxian a súa forma de vida. Cando se cumpren dez anos desde a creación do Consorcio Casco Vello de Vigo (CCVV), pódese dicir que o cambio da zona vella foi espectacular.

Lonxe queda esa imaxe deteriorada e degradada que avergoñaba aos vigueses e que estivo demasiados anos acompañándonos na nosa cidade. Agora xa non hai escusas para descubrir o Vigo histórico e pasear polas súas rúas é todo un pracer.

En canto á actividade do organismo –participado nun 90% pola Xunta e nun 10% polo Concello- ao peche de 2015, este adquiriu un total de 70 inmobles, dos cales 43 xa foron totalmente rehabilitados, o que se traduce na consecución de 99 vivendas -82 para venda, 12 para aluguer e 5 para realoxos- e 27 locais comerciais -18 xa teñen actividade empresarial.

Deses 70 inmobles comprados polo CCVV, 11 xa foron transmitidos a outras institucións coa finalidade de animar a apostar polo barrio. Precisamente, no Consello de Administración celebrado no mes de novembro acordouse a constitución dun dereito de superficie a favor da Asociación Síndrome de Down no inmovle na rúa Real, 27.

Dito inmovle aparece recollido no Plan de Actuación 2013-2017 do CCVV e trátase dunha parcela de 334 metros cadrados de superficie cunha edificabilidade, segundo a normativa vixente, que chega aos 1.260 metros cadrados, e onde se construírá a futura nova sede de Down.

Ase mesmo, no mes de outubro inaugurouse na rúa San Sebastián o novo Servizo Común de Notificacións e Embargos da Xunta e alí traballan unha vintena de funcionarios que dotan de máis vida á parte alta do Casco Vello.

Estas dúas actuacións súmanse á outras deste tipo, como foron a sede de APEC en Real, 16; os actuais Rexistros da Propiedade, en Real 29-31-33 e Alta, 26; e a cesión á Universidade de Vigo de tres inmobles na Ribeira do Berbés para a súa futura sede institucional e o seu Centro de Linguas e I+D.

Máis de 80 novas familias residen xa no Casco Vello desde que o CCVV comezou a súa oferta de Vivendas de Protección Autonómica (VPA) no ano 2011. En concreto, ao longo de 2015, chegaron ao barrio 10 novos residentes despois de que se materializara a compravenda dos seus pisos.

Con respecto á actividade do organismo, o ano que se está a analizar volveu a ser do máis intenso. En 2015, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) realizou dous sorteos públicos de VPA, un primeiro o 23 de marzo 10 vivendas pertencentes á promoción de San Sebastián 4-6 / Subida ao Castelo 5-7 e, un segundo, 8 vivendas máis, catro na promoción San Sebastián 24-26 e outras catro en Ferrería 3-5-7. Ambos actos desenvolvéronse na delegación territorial da Xunta en Vigo e foron ante notario e con presenza dalgúns dos participantes.

Ata decembro de 2015 xa foron rehabilitadas 99 vivendas, das que se venderon 72 vivendas, 12 para aluguer e 5 realoxos. Das 18 novas VPA sorteadas durante 2015, xa recibiron as súas chaves 8 familias ás que hai que sumar outra máis mediante doutro sorteo anterior, mediante adxudicación directa e correspondente a cuarteirón Ferrería-San Sebastián.

Por outra banda, e a principios do ano, o CCVV decidiu prorrogar con Abanca o seu convenio marco de colaboración para seguir facilitando a concesión de hipotecas aos adxudicatarios dos pisos rehabilitados e prezo concertado. Deste xeito, reforzábase a súa colaboración a través dun novo documento que facilitaba alternativas atractivas de crédito a particulares que resulten adxudicatarios destas vivendas. Xa en febreiro, este convenio ampliábase co primeiro convenio de financiamento específico para facilitar a chegada de emprendedores ao barrio histórico. A este convenio financeiro poden acollerse os inquilinos dos negocios que xa contan con actividade empresarial no barrio e tamén aqueles futuros adxudicatarios resultantes de vindeiros concursos públicos de locais comerciais.

Algúns destes novos locais puxéronse en marcha a través do concurso convocado polo CCVV e publicado no BOP con data de 21 de abril. Emprazados na parte alta do barrio histórico, os tres baixos foron adxudicados: Cruz Verde, 5 (Galería Conde Sueiro), San Sebastián, 4 (academia infantil) e San Sebastián, 6 (oficina técnica Bertana Enxeñería)

As rendas mensuais destes 3 baixos oscilan entre 108,49 euros e 173,37 euros, xa que o CCVV segue a aplicar un desconto do 50% sobre o seu prezo real durante os dous primeiros anos de arrendamento. O contrato de arrendamento destes locais ten unha duración máxima de 5 anos, cunha opción de compravenda transcorrido un ano dende o efectivo desenvolvemento da actividade a desempeñar.

Xa no apartado de novas obras de rehabilitación, no Consello de Administración de novembro adxudicáronse as obras relativas á promoción Ferrería 45-47 á UTE Prace, Servizos e Obras S.A. / Extraco, Construcións e Proxectos S.A. O seu orzamento de adxudicación ascende á 590.428,64 euros (IVE incluído) e o prazo de execución é dun ano dende a sinatura do contrato. Tras a intervención prevista, sairán 4 VPA e un local comercial.

Ademais, quedou pendente de adxudicación a obra de rehabilitación do inmovible situado en Ferrería 10-12 e pendentes de licitación a recuperación prevista en Subida á Costa, 5, e en Subida ao castelo, 12. Tamén están pendentes da redacción dos seus proxectos correspondentes Ferrería, 8, e Cruz Verde, 8.

En canto ao recoñecemento da labor do CCVV, no 2015 volveuse a recoller froitos xa que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) outorgou á rehabilitación da promoción San Sebastián 4-6/Subida ao Castelo 5-7 un Premio Gran de Area. O galardón foi entregado durante un acto público celebrado en novembro e coa presenza dos seus arquitectos Javier Franco e Vicente Pintos.

Por último, dous meses antes de rematar 2015 houbo relevo na presidencia do CCVV, deixou as súas funcións María José Bravo Bosch e comezou a súa nova andadura ao fonte do organismo Ignacio López-Chaves Castro.



INTRODUCCIÓN

EQUIPO HUMANO DO CCVV

CONSELLO ADMINISTRACIÓN

Presidenta: **María José Bravo Bosch** (*ata outubro de 2015*)

Presidente: **Ignacio López-Chaves Castro** (*desde outubro de 2015*)

Vicepresidente: **Santiago Domínguez Olveira** (*ata maio de 2015*)

Vicepresidente: **David Regades Fernández** (*desde maio de 2015*)

Vogais do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS):

Heriberto García Porto, director xeral do IGVS

Ricardo Valencia Hentschel, director técnico de Construcións e Calidade

Santiago José Varela Vidal, empresario

María José Bravo Bosch, delegada territorial da Xunta en Vigo
(*ata outubro de 2015*)

Ignacio López-Chaves Castro, delegado territorial da Xunta en Vigo
(*desde outubro de 2015*)

Vogais do Concello de Vigo:

David Regades Fernández, concelleiro do PSdeG (*ata maio de 2015*)

María José Caride Estévez, concelleira de Urbanismo no ámbito do Casco Vello do PSdeG (*desde maio de 2015*)

M^a Carmen Silva Rego, tenente de alcalde do Concello de Vigo
(*ata maio de 2015*)

Carlos López Font, concelleiro do PSdeG (*desde maio de 2015*)

Santiago Domínguez Olveira, concelleiro do BNG (*ata maio de 2015*)

David Regades Fernández, concelleiro do PSdeG (*ata maio de 2015*)

José Manuel Figueroa, concelleiro do PPdeG (*ata maio de 2015*)

Elena Muñoz Fonteriz, concelleira do PPdeG (*desde maio de 2015*)

Vogais do CCVV:

Xerente

Alfonso Ramos Covelo

Interventor

Luís García Álvarez

Secretaria

Marta María Riobó Ibáñez

COMITÉ EXECUTIVO

Presidenta: **María José Bravo Bosch** (*ata outubro de 2015*)

Presidente: **Ignacio López-Chaves Castro** (*desde outubro de 2015*)

Vogais:

María José Bravo Bosch, delegada territorial da Xunta en Vigo
(*ata outubro de 2015*)

Ignacio López-Chaves Castro, delegado territorial da Xunta en Vigo
(*desde outubro de 2015*)

Ricardo Valencia Hentschel, en representación do IGVS

M^a Carmen Silva Rego, en representación do Concello de Vigo
(*ata maio de 2015*)

María José Caride Estévez, en representación do Concello de Vigo
(*desde maio de 2015*)

Secretaria: **Marta María Riobó Ibáñez**

PERSOAL OFICIÑA DO CCVV

Alfonso Ramos Covelo, xerente

Amelia Gamero Vidal, directora da Área de Vivenda e directora en función dos Servizos Administrativos

Nuria Campos Díaz, directora da Área Técnica de Proxectos

Rafael González Sanmartín, delineante e inspección

CESIÓN INMOBLE DE REAL 27 Á ASOCIACIÓN DOWN DE VIGO

ACORDO ADOPTADO COA ASOCIACIÓN DOWN
PARA A SÚA FUTURA NOVA SEDE



CESIÓN INMOBLE DE REAL 27 Á ASOCIACIÓN DOWN DE VIGO

ACORDO ADOPTADO COA ASOCIACIÓN DOWN PARA A SÚA FUTURA NOVA SEDE

No último Consello de Administración do actual exercicio, o celebrado en novembro, os membros do Consello de Administración acordaron a constitución dun dereito de superficie a favor da Asociación Síndrome de Down no inmovible situado na rúa Real, 27.

Trátase dunha cesión do edificio propiedade do CCVV a título de gratuito por 40 anos e que permitirá ao organismo, sen a perda de propiedade, rehabilitar o inmovible sendo o colectivo quen tería que construír o edificio axustado ás determinacións do Plan Especial de Reforma Interior do Casco Vello (Pepri).

Foi o propio colectivo quen trasladou ao presidente do organismo, Ignacio López-Chaves Castro, a súa necesidade de poder contar cun inmovible para a súa nova sede.



Precisamente, o inmoible de Real, 27 aparece recollido no Plan de Actuación 2013-2017 do CCVV. A parcela ten unha superficie de 334 metros cadrados cunha edificabilidade, segundo a normativa vixente, que chega aos 1.260 m².

Na actualidade, o edificio de Real, 27, está demolido conservando unicamente a fachada principal.

Down Vigo, creada no ano 1989, é unha asociación de carácter benéfico-social sen ánimo de lucro e declarada de Interese Público dende o ano 2000. O fin do colectivo é a promoción e realización de todas cantas actividades estean encamiñadas á mellora da calidade de vida das persoas con síndrome de Down facendo especial énfase naquelas dirixidas á integración na vida familiar, escolar, social e laboral, podéndose beneficiar destas actividades tamén as persoas con outras discapacidades.

Deste modo, a efectos de conseguir os seus fins, Down Vigo considerou necesario mudar as súas instalacións co obxectivo de mellorar a prestación dos seus servizos aos seus asociados e ás persoas beneficiarias dos mesmos. Ademais, buscan formar parte da dinamización social da zona antiga. Dita contribución derivaría da súa actividade diaria que, segundo cálculos da propia asociación, suporía un volume aproximado de 208 persoas que día tras día visitarían a entidade.



PROGRAMA VIVENDAS

OBRA NOVA DO CCVV

SORTEOS PÚBLICOS DE NOVAS VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA

POSTA NO MERCADO DE MÁIS VIVENDAS DE PROTECCIÓN

FICHAS DAS PROMOCIÓN



PROGRAMA VIVENDAS OBRA NOVA DO CCVV

Ao longo de 2015 o organismo avanzou en distintas obras de rehabilitación postas en marcha na parte alta do Casco Vello e rematou dúas promocións que puxeron no mercado un total de 18 VPA, as pertencentes á San Sebastián 4-6/ Subida ao Castelo 5-7 (10 vivendas); a San Sebastián 24-26 (4 vivendas) e a Ferrería 3-5-7 (4 vivendas).

No mes de novembro, o Consello de Administración adjudicou á empresa UTE Prace, Servizos e Obras S.A./Extrato, Construcións e Proxectos S.A. as obras de rehabilitación da promoción Ferrería 45-47. O seu orzamento de adjudicación ascende á 590.428,64 euros (IVE incluído) e o prazo de execución é dun ano dende a firma do contrato.

Tras a intervención prevista nestes dous edificios da rúa Ferrería, obteranse 4 VPA e un local comercial. As superficies resultantes oscilarán entre 56,65 metros cadrados dun piso dunha habitación e 119,65 metros cadrados do dúplex. O local comercial contará con 63,60 metros cadrados.

En canto á promoción Ferrería 10-12, esta quedou pendente de adjudicación das súas obras e, tras as mesmas, resultarán outras 2 VPA dun dormitorio cada unha e un local comercial cunha superficie de 67,40 metros cadrados.

Ase mesmo, atópanse pendentes de licitación as rehabilitacións previstas en Subida á Costa, 5, da que sairá 1 VPA e 1 baixo comercial, e tamén en Subida ao Castelo, 12, que aportará outras 4 VPA.

Tamén están pendentes da redacción dos seus correspondentes proxectos tanto Ferrería, 8, como Cruz Verde, 8. Tras ambas intervencións, o CCVV pretende ofrecer 1 VPA máis en cada promoción e 2015 serviu para realizar o estudo das súas parcelas, a viabilidade das solucións construtivas e os cumprimentos da habitabilidade.



PROGRAMA VIVENDAS

SORTEOS PÚBLICOS DE NOVAS VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA

En 2015, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) realizou dous sorteos públicos de 18 Vivendas de Protección Autonómica (VPA), un primeiro o 23 de marzo pertencente á promoción cuarteirón Castelo San Sebastián: San Sebastián 4-6/Subida ao Castelo 5-7 (10 VPA) e, un segundo, das promocións San Sebastián 24-26 (4 VPA) e Ferrería 3-5-7 (4 VPA). Ambos actos desenvolvéronse na delegación territorial da Xunta en Vigo e foron ante notario e con presenza dalgúns dos aspirantes aos pisos.

No sorteo público da promoción Castelo San Sebastián: San Sebastián 4-6 / Subida ao Castelo 5-7, o IGVS adxudicou 10 novas VPA e tamén fixo público o listado de reserva dos posibles beneficiarios no caso de que os primeiros non formalizaran en tempo as correspondentes hipotecas. Esta promoción conta tamén con 2 locais comerciais de 34,03 m² e 33,71 m².

Todas as vivendas que conformaron parte deste primeiro sorteo son dun dormitorio e as superficies van dende os 46,24m² aos 68,20m². O prezo da vivenda máis barata é de 67.048,00 euros e a máis cara de 109.120,00 euros. Na súa rehabilitación, o CCVV investiu máis de 1,2 millóns de euros.

Características das 10 VPA do cuarteirón Castelo San Sebastián:

San Sebastián 4-6/Subida ao Castelo 5-7:

Planta baixa (SC5):1 dormitorio + baño + salón comedor + cocina.
Superficie: 46,24 m². Prezo: 67.048,00€

Planta baixa (SC7):1 dormitorio + baño + salón comedor + cocina.
Superficie: 46,24 m². Prezo: 67.048,00€

Primeiro (1SC5):1 dormitorio + baño + salón comedor + cocina.
Superficie: 67,66 m². Prezo: 98.107,00€

Primeiro (1SC7): 1 dormitorio + baño + salón comedor + cocina.
Superficie: 67,66 m2. Prezo: 98.107,00€

Primeiro (1SS4): salón comedor dormitorio (mesmo espacio) + cocina + baño.
Superficie: 59,16 m2. Prezo: 85.782,00€

Primeiro (1SS6): salón comedor dormitorio (mesmo espacio) + cocina + baño.
Superficie: 56,13 m2. Prezo: 81.388,50€

Segundo (2SC5) ÁTICO: 1 dormitorio + salón comedor + cocina + baño.
Superficie: 68,20 m2. Prezo: 109.120,00€

Segundo (2SC7) ÁTICO: 1 dormitorio + salón comedor + cocina + baño.
Superficie: 67,70 m2. Prezo: 108.320,00€

Segundo (2SS4) ÁTICO: salón comedor dormitorio (mesmo espacio) + cocina + baño.
Superficie: 59,16 m2. Prezo: 94.656,00€

Segundo (2SS6) ÁTICO: salón comedor dormitorio (mesmo espacio) + cocina + baño.
Superficie: 56,13 m2. Prezo: 89.808,00€

Con respecto ao segundo sorteo, o relativo ás promocións de San Sebastián 24-26 e Ferrería 3-5-7 celebrouse o 14 de xullo e tamén celebrouse no edificio administrativo da Xunta en Vigo. Nesta ocasión foron adxudicadas 8 VPA e os asistentes coñeceron o listado de reserva dos posibles beneficiarios no caso de que non formalizarán as hipotecas en tempo e forma.

Os 8 pisos teñen 1 e 3 dormitorios e unhas superficies útiles que oscilan entre 53,84 metros cadrados e 97,59 m². Os prezos destas novas vivendas van desde 80.388,00 euros (sen IVE), a máis barata, mentres que a máis cara é de 126.701,00 euros (sen IVE). Na zona baixa dos inmobles hai 4 locais comerciais con superficies útiles entre 17,87 metros cadrados e 61,96 m².

O CCVV investiu na rehabilitación destas dúas promocións que formaron parte do segundo sorteo, arredor dun millón de euros, na intervención de Ferrería 3-5-7 foron 467.571,94 euros (sen IVE), e na de San Sebastián 24-26 outros 413.582,17 euros (sen IVE).

Características das 8 vivendas de San Sebastián 24-26 e Ferrería 3-5-7

San Sebastián 24-26 (4 VPA):

1 vivenda A (planta baixa): 1 dormitorio.

Superficie útil: 61,96 m². Prezo: 89.842,00 euros (sen IVE incluído).

1 vivenda B (planta primeira e segunda): 1 dormitorio.

Superficie útil: 72,65 m². Prezo: 105.342,50 euros (sen IVE incluído).

1 vivenda C (planta primeira): 1 dormitorio.

Superficie útil: 57,86 m². Prezo: 83.897,00 euros (sen IVE incluído).

1 vivenda D (planta segunda): 1 dormitorio.

Superficie útil: 60,41 m². Prezo: 87.594,50 euros (sen IVE incluído).vva



Ferrería 3-5-7 (4 VPA):

1 vivenda 1º A (planta primeira): 1 dormitorio.
Superficie útil: 55,88 m2. Prezo: 81.026,00 euros (sen IVE incluído).

1 vivenda 1º B (planta primeira): 1 dormitorio.
Superficie útil: 57,34 m2. Prezo: 83.143,00 euros (sen IVE incluído).

1 vivenda 2º A (planta segunda): 1 dormitorio.
Superficie útil: 55,44 m2. Prezo: 80.388,00 euros (sen IVE incluído).

1 vivenda 2º B (planta segunda): 3 dormitorios.
Superficie útil: 87,38 m2. Prezo: 126.701,00 euros (sen IVE incluído).

Ata a actualidade, das 82 VPA sorteadas por parte do IGVS nun total de seis fases, de promocións, xa foron entregadas 72 co que, pódese dicir que a dinamización do barrio histórico coa chegada de novos residentes segue sendo imparable.

PROGRAMA VIVENDAS POSTA NO MERCADO DE MÁIS VIVENDAS DE PROTECCIÓN



Durante 2015 o Casco Vello gañou 9 novas familias tras formalizar as súas escrituras e hipotecas dos seus diferentes pisos de protección. En concreto, o CCVV vendeu 8 VPA da promoción San Sebastián 4-6/Subida ao Castelo 5-7, e outra 1 VPA –mediante adxudicación directa- do cuarteirón Ferrería-San Sebastián-.

Foron durante varios actos celebrados ante notario en marzo, xuño e agosto cando os donos das 9 VPA recibiron de mans da presidenta do CCVV, María Bravo Bosch, as súas chaves. Dos 9 pisos vendidos no actual exercicio, 8 deles foron o resultado do novo sorteo público desenvolvido o 23 de marzo e relativo a promoción de San Sebastián 4-6/Subida ao Castelo 5-7.

Ao peche de 2015, o organismo tiña dispoñible dous pisos que podería vender en calquera momento a través de adxudicación directa (Santiago, 19, e Canellón do Estreito, 12) e, ademais faltan por vender todos das promocións de San Sebastián 24-26 e de Ferrería 3-5-7, e dous da promoción San Sebastián 4-6, en pleno proceso de adxudicación, ambas as dúas.



PROGRAMA VIVENDAS

FICHAS DAS PROMOCIÓNS

O obxecto do proxecto consiste na rehabilitación integral de tres inmobles na rúa Ferraría onde as fachadas e as medianeiras existentes manteranse de tal feito que non se perderá a esencia do edificio e se remodelarán e acondicionarán para que estas volvan a ter o seu aspecto orixinal.

Exponse o acceso pola rúa Ferraría, xa que é a zona onde se pode obter unha mellor entrada ao edificio, tendo en conta que a outra rúa pola que pasa o inmueble atópase en escaleiras e non facilitaría nin a distribución interior, ademais de incumprir os requisitos de accesibilidade.



(6ª FASE, SORTEADA EN 2015)

FERRERÍA 3-5-7

Número vivendas: 4

Número locais: 3


Superficie construída total: 549,04 m²

Proxecto: José Luis Díaz Mateo

Dirección da obra: José Luis Díaz Mateo

Comezo da obra: 2014

Fin da obra: 2015



Características das vivendas e locais:

1 vivenda 1ªA: 1D+S.C.+K+1B+Lv
53,87 m² útiles

1 vivenda 1ªB: 1D+S+K.C.+1B+Lv
61,15 m² útiles

1 vivenda 2ªA: 1D+S.C.+K+1B+Lv
59,32 m² útiles

1 vivenda 2ªB: 3D+S.C.+KC+2B+Lv
97,59 m² útiles

Local 1: 34,70 m²

Local 2: 17,87 m²

Local 3: 57,85 m²



(6ª FASE, SORTEADAS EN 2015) SAN SEBASTIÁN 24-26

Número viviendas: 4

Número locais: 1

Superficie construída total:

443,79 m² + 85,22 m² abertos

Empresa constructora: UTE

Prace Servizos e Obras S. A. e Antalsis S.L.

Proxecto: Rogelio Pérez

e Antonio Cominges

Dirección da obra: Rogelio Pérez

e Antonio Cominges

Comezo da obra: 2014

Fin obra: primavera 2015

Características das viviendas e locais:

1 vivenda A: 1D+S.C.C.+1B+Lv
53,84 m² útiles

1 vivenda B: 1D+S.C.C.+1B+Lv
72,75 m² útiles

1 vivenda C: 1D+S.C.C.+1B+Lv
57,86 m² útiles

1 vivenda D: 1D+S.C.C.+1B+Lv
60,41 m² útiles

Local 1: 61,96 m² útiles

PROGRAMA VIVENDAS FICHAS DAS PROMOCIÓN

O proxecto de remodelación de dous edificios sitos nos números 24 e 26 da rúa San Sebastián consolida as edificacións, ampliando unha planta a situada na linde coa edificación medianeira e mantendo as tres orixinais na que fai esquina. Tendo en conta que o acceso peonil realízase dende San Sebastián, propónse o emprazamento da entrada principal á edificación dende esta rúa, accedendo ao patio orixinal que se recupera como espazo de comunicación entre os distintos niveis nos que estarán as vivendas.



PROGRAMA VIVENDAS FICHAS DAS PROMOCIÓNS

Rehabilitación de catro edificios deseñados coma un lugar aberto dotado con 11 mobles modulares que permitirá aos futuros adxudicatarios organizar o interior ao seu gusto, separando os espazos na función da súas necesidades.



(5ª FASE, SORTEADAS EN 2015) CUARTEIRÓN CASTELO DE SAN SEBASTIÁN: SAN SEBASTIÁN 4-6/SUBIDA AO CASTELO 5-7

Número vivendas: 10

Número de locais: 2

Superficie construída total: 1.130 m²

Empresa construtora: UTE

Rehabilitación Casco Vello (XAC-Geocisa)

Proxecto: Vicente Pintos e Javier Franco

Comezo da obra: abril de 2013

Fin obra: verano 2014



Características das vivendas e locais:

1 vivenda baixo A: 1D+salón+cociña+1B
46,24 m² útiles

1 vivenda baixo B: 1D+salón+cociña+1B
46,24 m² útiles

1 vivenda 1ºA: 1D+salón+cociña+1B
59,16 m² útiles

1 vivenda 1ºB: +salón+cociña+1B
56,13 m² útiles

1 vivenda 1ºC: 1D+salón+cociña+1B
67,66 m²

1 vivenda 1ºD: 1D+salón+cociña+1B
67,66 m²

1 vivenda 2ºA: 1D+salón+cociña+1B
59,16 m² útiles

1 vivenda 2ºB: +salón+cociña+1B
56,13 m² útiles

1 vivenda 2ºC: 1D+salón+cociña+1B
68,20 m²

1 vivenda 2ºD: 1D+salón+cociña+1B
67,70 m²

Local 1: 34,03 m² útiles

Local 2: 33,71 m² útiles





PRÓXIMAS PROMOCIONES



(7ª FASE, PENDENTE DE ADXUDICACIÓN EN 2015)
FERRERÍA 10-12

PROGRAMA VIVENDAS
PRÓXIMAS PROMOCIONES

Número viviendas: 2

Número locais: 1

Superficie construída total: 254,07 m²

Empresa construtora: Sen adxudicar

Proxecto: Harald Binkele / Antonio

Cominges Carvallo

Dirección da obra: Sen adxudicar

Comezo da obra: 2016

Características das vivendas e locais:

1 vivenda: 1D+S.C.K+1B+Lv-T
56,79 m² útiles

1 Vivenda: 1D+S.C.K+1B+Lv-T
56,79 m² útiles

Local 1: 37,48 m²

O obxecto do proxecto é sobre dous inmobles dos que saíran dúas novas vivendas e un local comercial nun mesmo e unitario edificio.



PROGRAMA VIVENDAS PRÓXIMAS PROMOCIÓN

(7ª FASE, OBRAS ADXUDICADAS EN 2015) FERRERÍA 45-47

O obxecto do proxecto é sobre dous inmobles da rúa Ferrería dos que, tras correspondente intervención, resultarán catro dúas novas vivendas e un local comercial nun mesmo inmovle.



Número vivendas: 4

Número locais: 1

Superficie construída total: 574,25m²
(+29,45 m² abertos)

Empresa construtora: UTE Prace, Servizos e Obras S.A./Extraco, Construcións e Proxectos S.A.

Proxecto: Eva María Castro Álvarez

Comezo da obra: 2016



Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 1º dereita: 1D+S.C.C.+1B+LT
48,10+5,10 m² útiles

1 Vivenda 1º esquerda: 2D+S.C.C.+1B+LT
73,85+2,27 m² útiles

1 Vivenda 2º dereita: 1D+S.C.C.+1B+LT
51,90+4,75 m² útiles

1 Vivenda 2º dereita: 3D+S.C.C.+2B+LT
95,3+19,8m² útiles

Local 1: 63,60 m²



(8ª FASE, PENDENTE DE LICITACIÓN EN 2015) SUBIDA A COSTA, 5

PROGRAMA VIVENDAS PRÓXIMAS PROMOCIONES


Número viviendas: 1
Número locais: 1
Superficie construída total: 225,3 m²
Empresa construtora: Sen adxudicar
Proxecto: José Luis Díaz Mateo
Comezo da obra: 2016

Características das vivendas e locais:

1Vivenda: 2D+S.C.C.+1B+LT
69,70 m² útiles

Local 1: 96,31 m²

A intervención prevista é sobre un inmovible da Subida á Costa do. Tras a actuación do CCVV sairá unha nova VPA e un local comercial nun mesmo inmovible.



PROGRAMA VIVENDAS PRÓXIMAS PROMOCIÓN

O CCVV propón nesta recuperación do inmoible de Subida ao Castelo 12 un novo edificio do que, despois da intervención prevista, resultarán 4 novos pisos de protección, todos eles, de dous dormitorios e, nalgúns casos, a maiores co espazos para xardíns privados.



(8ª FASE, PENDENTE DE LICITACIÓN EN 2015) SUBIDA AO CASTELO, 12

Número vivendas: 4

Número de locais: 0

Superficie construída total: 325,00 m²
(+4,30 m² balcóns + 44,35 xardín)

Empresa construtora: Sen adxudicar

Proxecto: JASC – Jesús Cordeiro

Comezo da obra: 2016

Características das vivendas:

Vivenda 1: 2D + S.C.C + 1 A + 1B + LT /
75,25 m² útiles (+ 21,85 xardín)

Vivenda 2: 2D + S.C.C + 1 A + 1B + LT /
54,25 m² útiles (+ 2,15 balcón)

Vivenda 3: 2D + S.C.C + 1 A + 1B + LT /
54,70 m² útiles (+ 2,15 balcón)

Vivenda 4: 2D + S.C.C + 1 A + 1B + LT /
76,85 m² útiles (+ 22,50 xardín)




(9ª FASE, PENDENTE DE PROXECTO EN 2015) FERRERÍA, 8

Número vivendas: 1
Número locais: 0
Proxecto: En fase de proxecto



PROGRAMA VIVENDAS PRÓXIMAS PROMOCIÓN

O inmoble completamente abandonado pertencente ao número 8 da Ferrería atópase no correspondente estudo da parcela, viabilidade das solucións construtivas e cumprimento de habitabilidade.






PROGRAMA VIVENDAS PRÓXIMAS PROMOCIÓN

(9ª FASE, PENDENTE DE PROXECTO) CRUZ VERDE, 8

Tras a intervención no número 8 da rúa Cruz Verde, o CCVV poñerá no mercado outra VPA. Na actualidade, está na fase de estudo da parcela, na viabilidade das solucións construtivas e no cumprimento de habitabilidade.

Número viviendas: 4
Número locais: 1
Proxecto: En fase de proxecto



FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES



FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(REALOXOS) REAL, 25

Rehabilitación do edificio conservando a tipoloxía orixinal cunha vivenda por andar e un local comercial na planta baixa.

As vivendas recollen aos ocupantes dos edificios adquiridos polo CCVV para albergar os futuros Rexistros da Propiedade.

Número vivendas: 3

Número de locais: 1

Superficie construída total: 426,02 m²

Empresa construtora: Aldasa

Proxecto: CCVV

Dirección de obra: Masforma S.L.

Rafael Docampo

Fin de obra: Finalizada en 2009

Características da vivenda e local:

1 Vivenda 1A: 2D+S.C.+K+2B

85,92 m² útiles

1 Vivenda 2B: 2D+S.C.+K+2B

80,52 m² útiles

1 Vivenda 3C: 2d+S.C.+K+2B

82,91 m² útiles

Local 1: 72,17 m² cualificados



(1ª FASE) REAL, 16

FASES DE VIVENDAS PERTENECENTES A AÑOS ANTERIORES

Número viviendas: 3
Número de locais: 1 (Apec)
Superficie construída total: 696,81 m²
Empresa constructora:
Cnes. A. Varela Villamor
Proxecto: CCVV
Dirección de obra:
Masforma S.L. Rafael Docampo
Fin de obra: Finalizada en 2009

Características da vivenda e local:
1 Vivenda 2A: 1D+S.C.+K+1B
50,64 m² cualificados
1 Vivenda 2B: 1D+S.C.+K+1B
51,76 m² cualificados
1 Vivenda 3: 2D+S.C.+K+2B
78,39 m² cualificados
Local 1: 332,17 m² útiles

Edificio con protección estrutural onde se conservaron os elementos protexidos ocupando as tres plantas baixas para uso administrativo (Asociación Provincial de Empresarios da Construción, Apec) que serve de eixo dinamizador para a zona. Xunto a ese uso administrativo resultaron outras tres vivendas nos andares superiores.



EASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(1ª FASE) ABELEIRA MENÉNDEZ, 11

Neste edificio elimináronse dous andares fóra de ordenación (cuarto e baixo cuberta) e reacolléronse os seus propietarios nas vivendas de Ferraría.

Número vivendas: 1 (+2 privadas)
Número de locais: 1 (*A tenda do Avó*)
Superficie construída total: 149,15 m²
Empresa construtora: Dicsa
Proxecto: Cristina Cameselle
Dirección de obra: Cristina Cameselle

Fin de obra: Finalizada en 2009
Características da vivenda e local:
1 Vivenda: 2D+S.C.+K+1B
59,90 m² cualificados
Local 1: 57,40m² útiles




(1º FASE) ABELEIRA MENÉNDEZ 13-15

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

Número vivendas: 6
Número locais: 2 (*JT Photo Gallery e A Horta de Abeleira*)
Superficie construída total: 572,07m²
Empresa construtora: Dicsa
Proxecto: Masforma S.L. e Antonio Iglesias

Dirección de obra: Masforma S.L., Antonio Iglesias e Cristobal Brañas
Fin de obra: Rematada en maio de 2010
Características das vivendas e locais:
1 Vivenda 1A: 1D+S.C.K+1B
52,48 m² cualificados
1 Vivenda 1B: 1D+S.C.K.+1B
46,76 m² cualificados
1 Vivenda 2A: 1D+S.C.K+1B
50,64 m² cualificados
1 Vivenda 2B: 1D+S.C.K.+1B
49,64 m² cualificados
1 Vivenda 3A: 1D+S.C.K.+1B
50,64 m² cualificados
1 Vivenda 3B: 1D+S.C.K.+1B
48,01 m² cualificados
Local 1: 49,20 m² útiles
Local 2: 29,04 m² útiles

Agregáronse dous edificios compartindo un núcleo de escaleiras e dotándoo do ascensor co resultado dunha vivenda por planta en cada unha das parcelas orixinais. En total, seis vivendas e dous locais.



FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(1º FASE) SANTIAGO 11-13-15-17

Agregación de cuatro edificios manteniendo a estrutura parcelaria e compartindo o núcleo de escaleiras e ascensor. En total, oito vivendas e catro locais comerciais.

Número vivendas: 8

Número de locais: 4 (*Estudo de arquitectura Torrado Fernández e a Editorial Elvira*)

Superficie construída total: 926,54 m²

Empresa construtora: Dicsa

Proxecto: Gabriel Santos Zas e Cesáreo Padrón Conde

Dirección de obra: Gabriel Santos Zas, Cesáreo

Padrón Conde e Antonio Carballo Couñago

Fin de obra: Rematada en maio de 2010

Características das vivendas e locais:

2 Vivendas A: 1D+S.C.+K+1B+R+L.T.

49,52 m² cualificados

2 Vivendas B: 1D+S.C.+K+1B+R+L.T.

44,36 m² cualificados

2 Vivendas C: 2D+S.C.+K+2B+R+L.T.

61,19 m² cualificados

1 Vivenda D (dúplex): 2D+S.C.+K+2B+R+L.T.

74,13 m² cualificados

1 Vivenda E (dúplex): 2D+S.C.+K+2B+R+L.T.


72,05 m² cualificados

Local 1: 51,91 m² útiles

Local 2: 25,42 m² útiles

Local 3: 19,84 m² útiles

Local 4: 18,47 m² útiles



(1ª FASE) SANTIAGO, 19

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A AÑOS ANTERIORES

Número viviendas: 1 (+1 privada)
Número de locais: 1 (*Oruga Express*)
Superficie construída total: 149,15 m²
Empresa constructora:
Cnes. A. Varela Villamor
Proxecto: Cristina Cameselle Solá

Dirección de obra:
Cristina Cameselle Solá
Fin de obra:
Rematada en setembro de 2010
Características das vivendas e locais:
1 Vivenda: 1D+S.C.K.+1B+L+T
66,10 m² cualificados
Local 1: 38,85 m² útiles

Edificios de tres andares nos que o CCVV é propietario da planta baixa e primeiro andar. A comunidade de propietarios acomete as obras que afectan aos elementos comúns (cambio de cuberta, reforma de fachada e medianeira, consolidación da escaleira e o portal, así como a reforma de todas as instalacións colectivas).



FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(2ªFASE) ABELEIRA MENÉNDEZ 24-26

Agregáronse dous edificios compartindo un núcleo de escaleiras con acceso dende a rúa Abeleira Menéndez pola planta baixa e dende a rúa San Sebastián polo segundo andar. Resultou unha vivenda por andar en cada unha das edificacións orixinais. En total, seis vivendas e dous locais.

Número vivendas: 6

Número de locais: 2 (*Establecemento Matina e a oficina Servizo de Notificacións e Embargos da Xunta*)

Superficie construída total: 660,87 m²

Empresa construtora: Cnes. A. Varela Villamor

Proxecto: Martín de Cominges Carballo

Dirección de obra: Martín de Cominges Carballo e Juan José García Mares

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 1A: 2D+S.C.K.+1B

66,62 m² cualificados

1 Vivenda 1B: 2D+S.C.K.+1B

58,92 m² cualificados

1 Vivenda 2A: D.S.C.K.+1B (estudio)

31,41 m² cualificados

1 Vivenda 2B: 1D+S.C.K.+1B

42,61 m² cualificados

1 Vivenda 2C: 2D+S.C.K.+1B


58,92 m² cualificados

1 Vivenda 3A: 2D+S.C.K.+1B

68,80 m² cualificados

Local 1: 95,58 m² útiles

Local 2: 67,09 m² útiles



(2ª FASE) ABELEIRA MENÉNDEZ 18 - 20

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

Número viviendas: 4

Número de locais: 1

Superficie construída total: 468,97 m²

Empresa construtora: Dicsa

Proxecto: María Mariño de Oya

Dirección de obra: María Mariño de Oya e
Elena Ferreiro

Fin de obra: Rematada en outubro de 2010

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda A: 1D+S.C.K.+1B
47,85 m² cualificados

1 Vivenda B: 2D+S.C.K.+2B+T
81,95 m² cualificados

1 Vivenda C: 2D+S.C.K.+2B+T
83,04 m² cualificados

1 Vivenda D: 2D+S.C.K.+2B
40,19 m² cualificados

Local 1: 55,18 m² útiles

O proxecto responde a unha intervención integral sobre os inmobles sinalados cos números 18 e 20. Agregáronse ambas as dúas parcelas para obter un só edificio.



EASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(2ª FASE) CRUZ VERDE, 5

Rehabilitación do edificio mantendo a tipoloxía orixinal, dotándoo dun ascensor e adecuando a distribución e instalacións á normativa actual.

Número vivendas: 6

Número de locais: 2 (*Galería de arte Vigo Remember e a empresa Hermes Sistemas S.L.*)

Superficie construída total: 689,98 m²

Empresa construtora: Cruz Verde, UTE

Proxecto: Andrés Touceda Gómez e Iván Mosquera Fuembuena

Dirección de obra: Andrés Touceda Gómez, Iván Mosquera Fuembuena e José Manuel Blanco Guimarey

Fin de obra: Rematada en 2010

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 1A: 1D+S.C.K.+1B

54,78 m² cualificados

1 Vivenda 1B: 2D+S.C.K.+1B

63,85 m² cualificados

1 Vivenda 2A: 1D+S.C.K.+1B

65,56 m² cualificados

1 Vivenda 2B: 2D+S.C.K.+1B

64,60 m² cualificados

1 Vivenda 3A: 1D+S.C.K.+1B

48,40 m² cualificados

1 Vivenda 3B: 2D+S.C.K.+1B

60,90 m² cualificados

Local 1: 37,40 m² útiles

Local 2: 54,20 m² útiles



(3ª FASE) CUARTEIRÓN FERRARÍA - SAN SEBASTIÁN (FERRARÍA 11, 13, 17, 19 E SAN SEBASTIÁN 1, 3, 5, 7)

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A AÑOS ANTERIORES

Número viviendas: 9

Número de locais: 1

Superficie construída total: 1146 m²

Empresa construtora: Diconsa

Proxecto: Cendón-Vázquez Arquitectos
S.C.P.

Dirección de obra: Javier Vázquez e Perfecto Cendón

Fin de obra: fin previsto a finais de 2012

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 0A (planta baixa): 2D+S.C.+K+1B+1A
81,55 m² cualificados

1 Vivenda 0B (planta baixa): 1D+S.C.+K+1B
56,60 m² cualificados

1 Vivenda D (planta baixa): 1D+S.C.+K+1B
59,43 m² cualificados

1 Vivenda 1A: 2D+S.C.+K+1B+1A
81,95 m² cualificados

1 Vivenda 1B: 1D+S.C.+K+1B
59,50 m² cualificados

1 Vivenda 1C: 3D+S.C.+K+2B+1A
90,00 m² cualificados

1 Vivenda 2A: 2D+S.C.+K+1B+1A
89,43 m² cualificados

1 Vivenda 2B: 1D+S.C.+K+1B
61,40 m² cualificados

1 Vivenda 2C: 3D+S.C.+K+2B+1A
90,00 m² cualificados

Local 1: 98,80 m² útiles

Actuación sobre sete parcelas, todas elas de escasas dimensións. Poténciase a relación especial de cada unha das vivendas con algunha das tres áreas de oportunidade. Respectouse ao máximo a morfoloxía do parcelario orixinal. Déixanse as medianeiras libres, sen agregarlles ningún elemento que altere a súa percepción. Os núcleos húmidos son caixas pechadas e exentas, que organizan o seu redor as estancias. Permitindo illalas ou agrupalas con corredeiras ao modo de tabiques. Coa nova distribución pódese percibir cada espazo do parcelario orixinal.



FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

(3ª FASE) HORTAS 10-12

A actuación prevista neste cuarteirón afecta á maioría das parcelas do mesmo incluíndo a ordenación do espazo interior desta para xerar un espazo de calidade de uso privativo das vivendas resultantes desta intervención. Opérase nun total de dez parcelas mantendo o parcelario orixinal na zona edificada e procedendo á agregación no que ao interior do cuarteirón se refire.

Actuación que afecta a dúas parcelas con tres vivendas iniciais que están sitas nun cuarteirón con tratamento conxunto de uso privativo interior das vivendas sobre as que se actúa.



Número vivendas: 5

Número de locais: 0

Superficie construída total: : 482,37m²

Empresa construtora: Diconsa

Proxecto: Gerardo de Villanueva Ferrer e Javier Vázquez Fernández

Comezo obra: 2011

Fin da obra: 2012

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda A (dúplex): 2D+S.C.+K+1B+A
93,32 m² útiles

1 Vivenda B (dúplex): 2D+S.C.+K+1B+A
98,16 m² útiles

1 Vivenda C: 1D+S.C.+K+1B
60,61 m² útiles

1 Vivenda D: 2D+S.C.+K+1B+A
89,42 m² útiles

1 Vivenda E: 1D+S.C.+K+1B
62,95 m² útiles



(3ª FASE) CUARTEIRÓN CASTELO DE SAN SEBASTIÁN SAN SEBASTIÁN 8-12-14

A actuación prevista neste cuarteirón afecta á maioría das parcelas do mesmo incluíndo a ordenación do espazo interior desta para xerar un espazo de calidade de uso privativo das vivendas resultantes desta intervención. Opérase nun total de dez parcelas mantendo o parcelario orixinal na zona edificada e procedendo á agregación no que ao interior do cuarteirón se refire.

Número vivendas: 4

Número de locais: 1 (Ideas de Percebe)

Superficie construída total: 6.968 m²

Empresa construtora: Dicsa

Proxecto: Beatriz González López

Comezo de obra: 2011

Fin da obra: 2012

Características das vivendas e locais:

1 Vivenda 1A: 1D+S.C.K.+1B+T
42,92 m² útiles

1 Vivenda 1B: 2D+S.C.+K+1B+T
72,73 m² útiles



1 Vivenda 2A: 1D+S.C.K.+1B+T
42,92 m² útiles

1 Vivenda 2B: 2D+S.C.+K+1B+T
72,73 m² útiles

Local 1: 28,10 útiles

FASES DE VIVENDAS PERTENCENTES A ANOS ANTERIORES

A actuación céntrase na unión de tres construcións do século XVIII, encostadas a ambos lados a edificios. Na procura do respecto da tipoloxía edificatoria, propónse un baleirado dos solares mantendo as fachadas de pedra (estrutura de muro potente). Levantárase tres andares, con dúas vivendas por andar, dun e dous dormitorios e con escaleira común, comunicando as parcelas mediante ocos nas medianeiras. No baixo, usos comerciais e servizos das vivendas. A estrutura interior será de madeira, con apoio nos muros de carga existente.



